

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 8 DE MAIO DE 2020

**Asistentes:**

**Presidenta**

Reboreda Morillo, Susana

**Vicedecano**

Adolfo Fernández Fernández

**Secretaria**

Cadilla Lomba, Josefina T.

**PDI**

Barriocanal López, Yolanda

Castro Pérez, Ladislao

Comendador Rey, Beatriz

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

**PDI contratado**

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Presedo Garazo, Antonio

**Estudantes**

Crespo Nogueira, Alba

Diz Domínguez, Andrés

Ferreiro Calvo, Mireya

Lozano Ramírez, Amado Tierra

**PAS**

Rodríguez Bouzas, Josefa

**Desculpa ausencia**

**PDI**

López Díaz, María

Como consecuencia da situación xerada pola Covid-19, así como das restricións de mobilidade impostas polo estado de alarma decretado polo Goberno no RD 463/2020, prorrogado polos RD 476/2020, RD 487/2020 e RD 492/2020; a xunta realizase de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe, o venres 8 de maio de 2020, ás 12.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de abril de 2020.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, da continuidade ou cambio no calendario de exames do segundo cuadrimestre do curso 2019/2020.
4. Aprobación, se procede, da continuidade ou cambio no calendario de exames da segunda oportunidade do curso 2019/2020.
5. Aprobación, se procede, da realización unicamente de exames virtuais na segunda oportunidade do curso 2019/2020.
6. Aprobación, se procede, da continuidade ou cambio nas datas de depósito e lectura do TFG do curso 2019/2020.
7. Aprobación, se procede, do documento validado en comisión de calidade: Procedemento de xestión dos recursos materiais e dos servizos (IA-01).
8. Rolda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de abril de 2020.

Apróbase por asentimento.

2. Informe da presidenta.

Comeza a sesión informado da decisión do prof. Ladislao Castro de solicitar a xubilación voluntaria, considera que imos deixar de contar con un gran investigador e con un gran docente. Despois do profesor Jesús de Juana,

Ladislao Castro é o profesor máis antigo da facultade. Quere deixar constancia de que se vai notar esa falta e deséxalle todo o mellor nesta nova etapa que vai iniciar. A profesora Beatriz Comendador súmase aos desexos indicando que tamén lle desexa moi boa vida nesta nova fase e dálle os seus parabéns.

Indica que hai un plan en borrador moi avanzado de instrución/protocolo de retorno á actividade presencial e medidas de prevención na Universidade de Vigo tras a alerta sanitaria Covid-19, así como dun plan de medidas propostas polo servizo de prevención de riscos laborais para iniciar a volta ao traballo do persoal da universidade.

A idea é de realizar unha incorporación progresiva por fases que empezarán a partir do 11 de maio e que se detallarán no citado documento. Non se contempla incorporación de alumnado, unicamente PDI e PAS. Tan pronto como se aprobe daráselle difusión polas redes sociais e listas de correo.

Publicáronse distintos e interesantes documentos aos que se lle deron tamén difusión polas redes sociais e polas listas de correo cabe destacar o documento de *Instruccións de estandarización das ferramentas propias da Universidade de Vigo*. Outras das novas é a de que profesorado xa dispón de candanseau despacho virtual en Campus Remoto, con sala de conferencia configurada como “chamar para entrar”, e coa gravación activada. Explica as liñas xerais de funcionamento dos citados despachos. Habilítanse para facer exames orais, realización de titorías, etc. Poderán así deixarse libres as aulas virtuais, pensando no curso que ven e en posibles futuros novos confinamentos.

### **3. Aprobación, se procede, da continuidade ou cambio no calendario de exames do segundo cuatrimestre do curso 2019/2020.**

A decana solicita que tomen a palabra os representantes do alumnado.

Intervén Mireya Ferreiro para sinalar que o desexo do alumnado é a de manter as datas da convocatoria de exames do segundo cuatrimestre, pero solicita que a entrega de traballos poda realizarse despois da realización dos exames.

A profesora Ana Sixto, que asiste con dereito a voz, indica que non está moi conforme co cambio das datas dos traballos, pois xa se fixo no seu momento, pero que acepta a decisión da maioría.

O profesor Julio Prada non considera convinte por unha mesma data tope aplicable a todas as materias, xa que as circunstancias de cada tipo de traballo son diferentes e depende do tempo que se precise para a corrección. Entende

que a Xunta de Facultade no é competente para establecer unha data de entrega de traballos que establece cada materia.

Despois dunha serie de intervencións por parte do profesorado e dos representantes do alumnado, apróbase o mantemento do calendario de exames do segundo cuatrimestre do curso 2019/2020 e que a data límite de entrega do traballos sexa o día 14 de xuño, tendo en conta que haberá que fixar con cada docente a data específica de cada traballo en función das súas características, tentando que a entrega sexa escalonada para facilitar a súa corrección.

#### **4. Aprobación, se procede, da continuidade ou cambio no calendario de exames da segunda oportunidade do curso 2019/2020.**

Explica Mireya Ferreiro, representante do alumnado, que este punto xerou moita controversia no chat do alumnado, ao final gañou por un 52% a opción de cambiar o calendario dos exames da 2ª oportunidade.

A decana considera que o cambio podería consistir no atraso dunha semana.

Intervén a profesora Ana Sixto para indicar que as súas circunstancias profesionais pódennlle entrar en conflito co cambio, por exemplo, lle coincidirían coa corrección dos exames de selectivo, e co seu outro traballo. Tamén indica que lle sorprende que unicamente se escoite ao alumnado.

Susana Reboreda, explica que a razón de escoitar ao alumnado é que na xuntanza anterior, xa que o profesorado non tiña inconvinte en cambiar as datas, quedouse en o alumnado realizaría unha votación para decidir estas cuestións. Recalca que se trata dun acordo procedente dunha xuntanza informais e que o acordo que ten validez é o que se alcance nesta Xunta. Propón que o profesorado que teña problemas por retrasar o seu exame o comunique ao decanato e mantense. Acórdase realizar un novo calendario que consistirá en mover en bloque os exames unha semana, salvo naqueles que existan contraindicacións coa labor profesional ou outras ocupacións.

Intervén o profesor Xosé Sánchez para indicar que entende claramente os argumentos pero que ao ser exames virtuais tampouco presenta para el demasiados problemas, e persoalmente non ten inconvinte no cambio.

En relación a esta segunda oportunidade iníciase outra quenda de intervencións pola data de entrega dos traballos, conclúese que neste caso non haberá unha data tope e que os posibles adiamentos deben negociarse co profesorado responsable de cada materia.

Lembra o profesor Antonio Presedo que en todos estes movementos de datas hai que ter moi en conta o calendario do TFG.

A alumna Alba Crespo indica no chat que “eu creo que a xente entendeu cambiar os exames no sentido de espacialos máis no tempo”. Despois dun intercambio de ideas e de reflexións conclúese que este tema é aínda máis complexo que os anteriores.

En definitiva, apróbase por asentimento que, salvo as excepcións comentadas, se atrasarán os exames da segunda oportunidade en bloque unha semana, pero non irán máis espallados no tempo dado que suporía un grande conflito organizativo. Haberá unha semana máis para a súa preparación, pero hai que repartir o tempo de traballo de xeito correcto.

## **5. Aprobación, se procede, da realización unicamente de exames virtuais na segunda oportunidade do curso 2019/2020.**

Indica a decana que a proposta é a de aprobar que os exames da segunda oportunidade sexan virtuais e que o profesorado indique o tipo de exame que realizará.

A prof. Beatriz Vaquero cre tamén que deberían ser virtuais e que habería que mandar o mesmo que se fixo nestes últimos meses, indicar que tipo de exame se realizará. Para os exames que se realicen polo campus remoto deberíamos ter recursos no suposto de que caia o sistema, como por exemplo realizar una tarefa en Fatic ou outras opcións que se consideren.

O representante Yeraí Camaño que asiste con dereito a voz, indica que o alumnado solicita que se manteña o modelo de exame que cada materia ten establecido. Para Beatriz Vaquero ese é un sentir unánime agás algún factor que recomende o cambio.

Apróbase por asentimento.

## **6. Aprobación, se procede, da continuidade ou cambio nas datas de depósito e lectura do TFG do curso 2019/2020.**

Intervén Julio Prada, que fai unha breve explicación da situación: na nosa facultade hai tres oportunidades para presentar o TFG, que se realizan nos meses de xuño, xullo e setembro.

A efectos de actas os TFGs que se realicen en xuño teñen como data de remate de entrega das citadas actas o día 10 de xullo. Para os do mes de xullo a data de entrega de actas será o día 31 de xullo que é a data de remate de entrega de actas da segunda oportunidade. Os que desexen presentarse no mes de setembro e poidan facelo por non ter esgotadas as posibilidades terán como data de entrega de actas o día 21 de setembro.

En resumo, as defensas de TFGs de xuño, a data límite de depósito será o día 3 de xullo. A defensa realizarase os días 7, 8 e 9 e a entrega de actas o día 10 de xullo.

Para a segunda oportunidade de xullo, lembra que se a entrega de actas límite para os exames de segunda oportunidade é o día 31 de xullo a idea podería ser venres 24 de xullo data límite para o depósito. A defensa podería realizarse os días 28, 29 e 30 de xullo. Xurde unha dúbida entre os asistentes en relación a seo TFG se pode defender con materias non superadas, a maiores das prácticas. Realízase a consulta e confírmase que unicamente se pode presentar o TFG coa materia de prácticas pendente.

Apróbase a proposta por asentimento.

O alumnado formula a petición de que que a ampliación dos prazos podería prexudicar ao alumnado que desexe preinscribirse nun mestrado. A decana indica que se a universidade de Vigo aprobou esta modificación de calendario terá en conta esta circunstancia. Julio Prada advirte que o alumnado ten que ser consciente de que cada universidade pode ter uns prazos distintos e que as datas de preinscripción variarán de xeito que non se pode afirmar que ninguén vaia saír prexudicado co cambio nas datas.

## **7. Aprobación, se procede, do documento validado en comisión de calidade: Procedemento de xestión dos recursos materiais e dos servizos (IA-01).**

A decana explica que todos os aspectos relativos a este punto da orde do día foron validados na Comisión de Calidade do día 7 de maio. Consulta aos presentes, que xa teñen a documentación, se desexan tratar algún aspecto en concreto. No suposto de que estea todo o mundo de acordo, reflexaríase na acta da xunta o debate que se produciu na Comisión de Calidade.

Todos os membros presentes están de acordo coa proposta. Apróbase por asentimento

Reprodúcese o recollido na acta da Comisión de Calidade:

O procedemento de xestión dos recursos materiais e dos servizos unifica dous procedementos que previamente eran individualizados. Inclúe un rexistro que tamén se pasou xunto coa convocatoria aos membros da Comisión.

Beatriz Comendador indica que en xeral está de acordo co contido do rexistro, pero pensa que podería incluírse os servizos do campus, como por exemplo o tema da Biblioteca. Susana Reboreda propón engadir un parágrafo en relación a esa temática. Aclara tamén que o borrador non se realizou pensando no ano que ven, e dicir, non se tivo en consideración a crise da

covid-19, senón que se tratou de describir a dinámica en circunstancias habituais.

Yolanda Barriocal propón que se inclúa un comentario relativo á situación que estamos a vivir e que se debería indicar que necesariamente se terán que introducir modificacións en relación ao vindeiro curso. Acéptase incluílo.

Intervén José María Eguileta, para indicar que lle chamou moito a atención que o capítulo de reparación e mantemento, aínda que incluído no orzamento, non se poida xestionar desde a Facultade senón exclusivamente pola administradora de campus; pregunta, se necesariamente se ten que asumir unha partida sen poder xestionala.

Susana Reboreda comparte a súa opinión, pensa que realmente non ten sentido que non se xestionen de xeito centralizado ese capítulo, senón que se sume ao orzamento da Facultade de Historia. Non hai capacidade de xestión pero conta como presuposto do centro resultando ser incluso prexudicial para a propia dinámica orzamentaria. Hai unha reclamación efectuada porque a baixada deste exercicio económico foi moi grande, de feito, para rectificar, hai unha compensación fóra do presuposto. A Facultade está claramente prexudicada por esta distribución, co agravante de que hai moi pouca comunicación e interacción coa administradora de campus que é a persoa á quen lle corresponde á xestión. Beatriz Vaquero considera que é un rastro que queda de tempos pasados cando eramos Facultade de Humanidades, antes de constituírse a Facultade de Ciencias de Educación.

Nunha reunión con membros do equipo de goberno a decana lembroulles que modificaran isto nos orzamentos do vindeiro curso porque provoca confusión, transmitindo unha información errónea dado que a facultade non dispón dos recursos que se plasman nos orzamentos da Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento.

## **8.- Rolda de intervencións.**

O prof. Julio Prada, Julio, solicita que brevemente se dera conta da xuntanza coa vicerreitora de transferencia. Propón retomar o documento que xa se remitira no seu día á vicerreitora de Investigación e que o dirixa Beatriz Comendador.

Considera que pode ser o momento para tomar como base o documento no que se recolle a valoración dos recoñecementos de transferencia, engadindo as áreas o que se poida derivado das nosas particularidades e solicitando que se elimine o máximo de 20 puntos que ten o apartado i.

Beatriz Comendador tamén pensaba intervir nese sentido e pensa o mesmo, dada a boa disposición que mostrou onte a vicerreitora. Tamén indica que

hoxe Cristina Fernández a técnica de transferencia envioulle un documento síntese da reunión e ela devolveulle con algunhas puntualizacións. Pregunta se alguén ten o documento orixinal que elaborara no seu día sobre as posibles aportacións do noso ámbito a transferencia e que se aprobara en Xunta de Facultade. Pensa que a idea non é tanto que non fagamos transferencia se non que non se reconece como tal. Calquera suxestión se lle pode enviar a ela, xa que a súa perspectiva e desde o seu perfil de aequóloga, e non se considera representativa de todos os compañeiros. Proponse voluntaria para elaborar ese documento conxunto.

A modo de conclusión, vaise retomar ese documento e, como expuxo Julio Prada, sería interesante destacar as consideracións sobre o apartado i que reúne a convocatoria de transferencia, por exemplo, eliminar o tope dos 20 puntos. O mais práctico é no documento engadir filas por cada área.

Pide a palabra Amado Tierra que desexa aclarar un tema anterior relativo aos exames de segunda oportunidade para solicitar que se indique tamén ao igual que se fixo cos exames de segundo período, unha data tope de entrega de traballos. Julio Prada indica que non se pode usar o mesmo esquema pola problemática do TFG dado que entraría en contradición porque non podes defender o TFG se non tes constancia de todas as materias superadas agás a de prácticas. Se a entrega de actas é o día 31 de xullo, como o profesorado non entregue antes as actas estariades prexudicados porque non se poderían defender. Entende que non é prudente establecer unha data deste tipo porque entra en contradición cos distintos intereses do alumnado implicado.

Amado Tierra transmite tamén un desexo dos seus compañeiros en relación a posibilidade de que se conserven os traballos aprobados do ano pasado, para o curso que ven sempre que se manteña o mesmo profesorado e o mesmo temario. Sinala que é unha solicitude do alumnado á que se lle deu traslado o día da reunión informal.

Susana Reboreda indica que non é un acordo que se poida tomar en Xunta de Facultade que dependerá de cada docente. Ana Sixto argumenta que non é unha petición lexítima.

Para Julio Prada, trátase dun debate que non ten sentido, posto que cada ano cambia o tipo de profesorado, e o tipo de traballo. O que para o vindeiro ano se atope nesa situación se as competencias que se asignan e ese traballo é o mesmo, poderíase considerar como xa se fixo en anos anteriores. Pero agora mesmo entrar nestas cuestións non é convinte.

Conclúese que se trata dunha chamada a reflexión. Susana Reboreda considera que para o curso que ven se deberán ter en conta as circunstancias excepcionais que se viviron neste curso académico. Simplemente queda recollida a suxestión por parte do alumnado, sen ánimo de entrar en debate.

A decana indica que se publicarán os acordos acadados nesta reunión para que quede todo perfectamente claro e non haxa malentendidos na transmisión da información.

Conclúe a sesión cunha mensaxe de ánimo: estamos xa moi cerca do final do curso, son acordos que non é doado acadar e as cousas están funcionando ben, e se están facendo ben en grazas ao esforzo de todos os colectivos, hai que afrontar os novos retos con moita forza e ánimo agora que xa estamos a piques de rematar as clases e finalizar os exames.

Intervén Bea Comendador tamén para dar ánimos, e agradecer a labor e o enorme esforzo realizado.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.40 h do día 8 de maio de 2020, da que eu como secretaria, dou fe co visto e prace da decana.

A decana  
Asinado dixitalmente  
Susana Reboreda Morillo

A secretaria  
Asinado dixitalmente  
Josefina Cadilla Lomba